

cristina ferreiro real

**ansiedade e planetas**

Premio do XI Certame Francisco Añón de Poesía  
(2007)

crístina ferreiro real, 2008  
crístinhaf@gmail.com  
www.crístinha.blogspot.com





## II

**O tempo** castíganos con suaves quebrantos  
pero cántame sinuoso  
ti que buscas o meu contento en letras de fume  
que abrangues o corpo, este cadáver conxénito  
pervértome de medo poetizando xerras laranxas de flores  
engarzando aceiro en labres de verbas moles

castíganos o tempo con lousas frías  
e inesquecibles berros correndo entre ruínas

a hora é esta e mudamos a cada paso  
mírote mirándome e acollémonos de súpeto  
mírome incendiada preto da neuralxia  
míronos de tempo esnaquizado a intervalos

### III

**Nada** está no seu lugar e nada vai desfigurando os contornos da memoria  
poñéndome de nervio até o vómito.

Vou asasinando un a un todos os meus nomes, os teus significados ( 00:00 h )  
este noxo enfermizo obstruíndo arterias,  
este odio a metades e con precisión que agora teño que correr máis lonxe  
para amontoar as sobras, para merendar o teu pelo [...]

Toda esa falacia pronunciada a golpe de unllas mordidas e dedos en guerra.  
Pero en todos os meus nomes,  
en todos os meus nomes sigo berrando que outra vez outra vez non.  
Outra vez caeremos ao chan mollado confundindo verde e marrón  
porque toda esta idea de imperativos na madrugada ten pouco que ver  
cun amar desmesurado

## IV

**Lixas** o bordo do meu corpo sen saber que teño as palabras medio asfixiadas  
no fondo da gorxa,  
que estou por meterme entre os húmidos buratos que hai entre os teus dentes  
e así é, que mordes os aramios que vou pechando no armario...

e me deixo morder.

Tiras das miñas tripas para posuír o meu nome, porque vou correndo cos dedos  
atados aos papeis de onte, tanto barullo de letras gritando dende máis adentro,  
dende máis adentro do interior da vulva dos manuscritos.

Eu digo amor, só hai un perpetuo silencio posto no espello,  
pero me significas de metafísica traspasando a materia

e varres os meus restos.

Pero non comprendes que estou compulsivamente maquillada de negro  
e me berras coitelos e cristal roto na boca,  
porque se non hai unha postura inversa aos pesadelos,  
como imos pechar as mans sen nada dentro?

## V

Debo arrincar o estómago                      soportar esta dor na gorxa

anuncio o meu significado, a palabra lixivia, destrución, desastre,  
a morte dos símbolos, a morte dos trens que tantas e tantas veces me viaxaron ao país das augas  
para meterme na boca da lámpada coa pompa de lava laranxa

este inconformismo de posesión e non hai trens  
non hai templo e non resisito porque que máis facer para meterme os teus dedos no estómago

(ou na memoria)

## VI

**Nun cuarto** escuro e suxo e os meus brazos baleiros de máis. Eras ti quen creaba xardíns silvestres i eu machucaba os símbolos turquenitas. O meu mundo en gris e de destrución que agarda sempre o desastre

Felonía parida a golpes descostrando pelo.  
A túa proximidade malogra a desaparición de versos;  
cada letra en extinción.  
Cada anatomía da palabra precisa vólvese entón  
necesidade contaxiada.

Eu mato sabas verdes coa pel murcha e ti corres a recoller as toallas que rozan o chan.

Nun cuarto suxo e as nosas pernas enleadas como anoádonos de máis. Era eu quen mastigaba posturas e ti perseguías os despozos co peito triste. O meu mundo desolador que agarda sempre o desastre.

Se se nos dá por berrar abrimos todas as ferraduras dun golpe.  
Se se nos dá por berrar e dicirnos amor que sempre calo demasiado.  
E ao mediodía, mercando o pan para abastecernos de hidratos.  
e todas as toallas voando polo cuarto.

## VII

**Pero non** resisto o valse nin as ganas de silencialo.

Esta entrega a resignarse. Que matei a bombilla ganchillando os límites,  
o desastre, a destrución da memoria e non comprendo o significante.

Arrastrándome así polos orificios dunha cantiga, esta derrota de mutacións e tachar os  
límites lentitude de límites.

Demencia inútil, calamidade que non nego esgazando significados.

Se percorro cada nome non chegaremos a atalaias máis altas.

Se se nos pecha a porta fabricarei cuadrículas para cuspirnos nos ollos arrastrando  
os límites. Se non hai trens nos que meter a memoria, os rituais, a calamidade,  
a entrega ao desastre,  
a morte do lugar no que habitan os símbolos,  
a desaparición da orixe das palabras...Entón : como botar a febre fóra? Se é tan lonxe  
o momento dos límites lentitude de límites, o movemento da demencia, esta tolemia  
enharmónica aforcando a resistencia, a terra, o tránsito dos trens esnaquizando os  
morfemas, os meus morfemas, esta ansia de significado e non hai templo.  
Non hai trens e non resisto este valse nin as ganas de silencialo.

## VIII

**Cada** cantiga rematada na polifonía do outono...e que me mates as mans ou que me arrinques as pestanas e me abrases os ollos é só unha continuación do baleiro, porque teño os pés incrustados no chan e a memoria no silencio.

Ou que me craves as unllas no ventrículo no momento da afonía e que fabriquemos intervalos infinitos entre os dous lados da cama é só cuestión de tempo.

Que me cubras con lixivia ou destrúas a miña alotropía, que non comprendas que prefiro a Joplin ou que me leves de viaxe aos arrabaldos da lentitude non é máis que unha escusa para que peitees o meu cabelo.

Ou que me fagas salivas co dioivo da pasada noite e que cubras con tixolos a maqueta do meu corpo, que me inundes con vinagre as feridas mentres eu camiño con cada adeus colgado do tendal

(...)

## IX

**todo** precipítase sóbor daquela tarde que levo metida embaixo das unllas  
aquela infancia no cuarto que saíu correndo  
e eu tan nena tan dentro da folla sen aire  
mirando correr

### O TRÁNSITO

esa cousa que nos une ao movemento

### e miro que

decido pintarme no medio dun cadro con este poema na man esquerda  
e todos os cadernos meus matando a cor dese cadro  
e despois que? (escoitas? despois que?)  
será un cadro en branco e grises

porque que quererá dicir que non controlo a man aforcaríate aquí mesmo  
e agora mesmo porque te odio tanto

### O ODIO

esa cousa pendurada doutra maior  
dígoche que nunca pintarei planetas  
porque ás veces te amo tanto (sabes? tanto)

### PERO OS DÍAS

que quererá dicir este día estúpido  
(hai avións que non funcionan)

### e canto que

se fun perdendo unha a unha todas as cantigas de animais  
querería meter o dedo no teu embigo ata que berraras nervios  
ata poñerte de histeria

**e penso que**

aquelo non era unha igrexa era un teatro ou cinema ou algo así  
a pintura da fachada amarela e unhas ventás bordeadas de branco antigo  
e nós dentro dunha película dentro dunha película

e quen escoita agora que me da por falar  
que me da por falar e dicir que agora te amo tanto pero non funcionan estes avións de tránsito

E AGORA QUE

## X

**Pero** e que pasará cando te atope,  
despois de tanto tempo camiñando sóbor das pedras coas mans sangradas.

Este territorio de segura que me fai inexistente. Que vou desganchillando un a un cada fío. Cada fío atado á nosa ansia. Esa tolemia. Sen os teus ollos de risos como te mirarei. Que me fixeches un lugar entre os teus brazos de tentáculos e abrazádonos máis forte non souben a canto espacio estaba o abatemento. Eu, que ás veces desquicio o teu ventre sen querelo. Agora é cando me decato de que o vento vai borrando cada día e sen piedade un pouco máis as túas pegadas. Eu, que partín a metades as ganas de matarnos, que che fixen un debuxo sóbor dun papel moi fino, sóbor dos meus despoixos a altas horas da madrugada e abrazádonos máis forte non soubemos chegar máis lonxe.

Sen as túas mans a onde me agarrarei.

Viaxamos coa consciencia metida en frascos. As palabras paridas a golpes mirádonos de nafraxio. Preferiría matar todo o espacio que nos aprisiona. Mentres polas noites me atraveso os nervios cunha lanza de pintura e moitas ganas. As ganas que nunca nos faltaron. Eu, que collín o teu corpo e agardando un delirio fun partindo unha a unha todas as túas partes, e metín os restos nunha cunca. E deume por berrar. Que dirán despois, cando nos miren na rúa, e pegados nos bares a antídotos de festa.

## XI

**Espertei** cos ollos fechadísimos e o corpo enteiro en dor...Soe pasar que despois dunha noite de filosofía e outras guarradas atópome abatida.

Onte Adrián falou de Omar. De súpeto Omar ou O Mar converteuse nun oso polar. Un enorme oso polar que me perseguiu durante toda a noite.

Preferimos os bancos dunha praza calquera e un feísimo edificio de formigón que se abalanza sobre nós.

Espertei con toda a resaca filosófica e toda a roupa tirada no chan, como esas veces en que a roupa e o chan son o que menos importa.

Este fin de semana só quería sedentar entre sabas azuis de diaíños.